



COMPLEMENTO PARA TITULARES DE PNC QUE RESIDAN NUNHA VIVENDA ALUGADA

Normativa

- [Real Decreto 1191/2012, de 3 de agosto](#), polo que se establecen normas para o recoñecemento do complemento de pensión para o aluguer de vivenda a favor dos pensionistas da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva (BOE nº 186 do 4/08/2012)
- [Orde do 11 de abril de 2017 pola que se publica o modelo actualizado de solicitude de complemento de pensión para o alugueiro de vivenda a favor das/dos pensionistas da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva para a súa presentación na Comunidade Autónoma de Galicia](#). (DOG nº 83 do 2/5/2017)
- [Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018](#). (BOE nº 61 de 4/7/2018)
- [Real Decreto-lei 1/2020, do 14 de xaneiro, polo que se establece a revalorización e mantemento das pensións e prestacións públicas do sistema de Seguridade Social](#). (BOE nº 13 do 15/1/2020)

Obxecto

Establecer un complemento de pensión dirixido a persoas beneficiarias de PNCs de xubilación e invalidez que carezan de vivenda en propiedade e residan de forma habitual nunha vivenda alugada como titular do contrato, sempre que o propietario daquela non teña relación de parentesco co/coa pensionista ata o terceiro grao.

Requisitos

- Ter recoñecida unha PNC de xubilación ou invalidez na data da solicitude e na de resolución.
- Carecer de vivenda en propiedade.
- Ser titular do contrato de arrendamento da vivenda na data da solicitude.
- Non ter coa persoa arrendadora da vivenda alugada relación conxugal ou de parentesco ata o 3º grao nin constituír con aquél unión estable e de convivencia con análoga relación de afectividade conxugal . ([Organigrama de parentesco](#))
- Ter fixada a súa residencia habitual na vivenda alugada.

Se na mesma vivenda alugada conviven dúas ou máis persoas que tiveran recoñecida a PNC, so terá dereito a este complemento aquel/aquela que sexa titular do contrato de arrendamento ou, de ser varios, o primeiro deles.

Enténdese que a vivenda é domicilio habitual cando a vixencia do arrendamento non sexa inferior a un ano e teña residido na mesma durante un período mínimo de 180 días inmediatamente anteriores á data da solicitude.



Contía

A contía do complemento para o **ano 2020** é de **525 euros anuais**, que se fará efectivo nun pagamento único, con anterioridade ao 31 de decembro de 2020.

Aos pensionistas aos que non se lle poidera abonar o complemento na data indicada, este farase efectivo como máximo, dentro do prazo de tres meses seguintes á dita data.

Non se computa como rendas ou ingresos a efectos de determinar o mantemento do dereito á pensión.

Documentación:

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica. A documentación complementaria poderá presentarse de forma electrónica utilizando calquera procedemento de copia dixital do documento orixinal.

- a. [Solicitud](#) (BS650F) | [Presentación electrónica na sede](#)
- b. Copia do documento que acredite a representación cando a solicitude se subscriba por persoa distinta a persoa beneficiaria da pensión non contributiva.
- c. Copia compulsada do contrato de arrendamento en vigor. No caso de que xa fose presentado anteriormente non será necesario achegalo (indicarse en que momento e ante que órgano administrativo se presentou). Se non existe contrato de arrendamento escrito, a condición de arrendatario xustificarse por outro medio de proba válido en dereito, sempre que este acredite a localización da vivenda, que debe coincidir coa residencia habitual do pensionista, a vixencia mínima do arrendamento dun ano, a identificación do arrendador e do arrendatario, con indicación do nome e apelidos, NIF e domicilio de ambos.

Lugar de presentación:

- Preferiblemente por vía electrónica.
- **Servizos Sociais Comunitarios. CENTRO SOCIAL COIRÓS.**
- [Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social](#)

Prazo de presentación:

Ata o 31 de decembro de 2020

A resolución deberá ditarse e notificarse no prazo máximo de 3 meses dende a data de entrada en rexistro da solicitude.